

CONCELLO
DE VIGO



VIGO

SET › NOV'22 **cultura**



VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR

A stylized, high-contrast illustration in shades of purple and white. The background features a large, dark purple circle on the left, a stylized cloud with a halftone pattern, and a tall building with horizontal bands of windows on the right. In the foreground, three figures are walking: a woman in a long white dress on the left, a man in a suit in the center, and a man in a suit carrying a briefcase on the right. The overall style is graphic and modern.

VIGO

SET > NOV'22 **cultura**

TIPO DE ESPECTÁCULO



Maxia



Teatro



Teatro de Rúa




Circo



Danza



Bebés



Monicreques

DATOS DO ESPECTÁCULO



Idioma



**Duración
(minutos)**



Prezo

RECOMENDACIÓN DE IDADE



**Público
Adulto**



**Público
Familiar**



**Idade
recomendada**

VENRES 23 E SÁBADO 24 DE SETEMBRO · 19 HORAS

O Estraño Caso do Dentista da Rúa Brasov

Troula Animación

Teatro
de Rúa
Pasacalles



PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
VIGOCULTURA NA RÚA DO PRÍNCIPE



Autoría, dirección, diseño de son e música:
Diego Roca

Vestuario: Rosa Fernández

Elenco artístico: Diego Roca



Idioma



Todos os
públicos



60 min.

Corría o ano 1913 cando naceu o noso protagonista nunha pequena aldea dos Cárpatos. Era unha noite de inverno e un precioso neno nacía, pero non era un bebé normal, era o primeiro bebé do mundo con dentes.

A partir daquel día todo sería diferente, o noso personaxe xa desde moi pequeno tiña unha curiosa fixación polos dentes.

As súas primeiras palabras foron dente, endodoncia, empaste. Con só tres anos cáeselle o seu primeiro dente. Aquela mesma noite meteu o seu dente debaixo da almofada agardando a chegada do Rato Pérez, a Fada dos dentes ou calquera outro ser máxico que puidera realizar o seu soño, era a ilusión da súa vida, ver que regalo tería aquela noite. Non ía durmir. Pero algo inesperado cambiaría o rumbo dos acontecementos...

Esta é a historia dun dentista dos Cárpatos ambulante, que percorre co seu carromato as vilas na procura de pacientes para a súa consulta; a través de xiros inesperados da historia e utilizando diferentes técnicas (clown, música en directo, maxia, monicreques...) coñeceremos o seu curioso pasado e descubriremos unha nova historia totalmente inesperada, cun final sorprendente.

VENRES 30 DE SETEMBRO E SÁBADO 1 DE OUTUBRO - 20 HORAS

FREAK

Amor Producciones

Teatro



ESTREA
GALICIA



Xénero: teatro contemporáneo

Autoría: Anna Jordan

Dirección e produción executiva: Paula Amor

Dirección de produción: Rosel Murillo Lechuga

Iluminación e escenografía: Antiel Jiménez

Deseño de son: Paula Amor e Antiel Jiménez

Vestuario: Daniel Torres

Axudante de dirección: Marta Matute

Elenco artístico: Lorena López e Lara Serrano

En agosto de 2014, a londiniense Anna Jordan, unha das dramaturgas e directoras escénicas europeas máis importantes dos últimos tempos, estreaba a súa obra *Freak* no prestixioso Festival de Edimburgo. Seis anos despois, esta peza de teatro social sobre a feminidade e a autoimaxe, que bebe directamente do teatro social, converteuse nun texto de referencia internacional pola súa maneira de abordar a sexualidade, entre o humor e a desesperanza. *Freak* é un texto de Anna Jordan. Un acto íntimo onde dúas mulleres comparten imaxes co espectador. Por que empurrarnos para chegar a ser algo que non queremos? Por que aceptamos situacións cando o que queremos é fuxir? Que ten que ocorrer para poñer límites? *Freak*, dirixida por Paula Amor, fala de como loitar sobre algo que xa está establecido. Fala do vacío de non recoñecerse a unha mesma fronte ao exterior. De querer saír pero, en cambio, avanzar sen control.



Idioma



Público
Adulto
+13



70 min.



10€

DOMINGO 2 DE OUTUBRO - 18 HORAS

Maxia
Familiar



ULTREIA “AO FINAL DO CAMIÑO ESTÁS TI”

Mago Teto



Xénero: maxia

Autoría: Héctor Guerra

Dirección: Jose Prieto

Escenografía e vestuario: Mago Teto

Deseño de son: Granero Video e

Javier Adan Ayude

Deseño de iluminación: Javier Adan Ayude

Música: Andrés Álvarez e Banda de Música de Silleda

Coreografía: Xiana Vilas

Elenco artístico: Mago Teto, María Roja e Lupe Carballo

Ultreia é un espectáculo multidisciplinar no que se combina a maxia, a música e a danza.

Percorrendo un camiño máxico que simboliza todos os camiños exteriores e interiores do ser humano, o Mago Teto fará unha viaxe a través de aparicións, desaparicións, casas encantadas, predicións, levitacións, transformacións e moitos máis efectos máxicos que transportarán ao público a unha realidade onde todo é posible menos perder a ilusión.

Neste traxecto Teto viaxará con dous bailarinas que o acompañarán en todas as súas aventuras e desventuras, e contará en todo momento coa axuda imprescindible da música, composta especialmente para este espectáculo por Andrés Álvarez, a banda sonora perfecta para que o mago chegue con éxito ao final do seu camiño.



Idioma



+5 anos



90 min.



5€

VENRES 7 DE OUTUBRO • 20:00 HORAS

OUTRORA NÓS

Mevadeus

Teatro



ESTREA
MUNDIAL



Xénero: teatro xestual

Autoría: Mevadeus

Dirección: Alba Rodríguez Villar

Coreografía: Mevadeus

Escenografía e deseño de iluminación:

As dúas en punto

Deseño de son: Brais Pombo, Inés Santos, Mara Neira e Bal Castro

Vestiario: As dúas en punto

Música: Mevadeus

Elenco artístico: Bal Castro, Mara Neira, Inés Santos e Brais Pombo

Segundo a Real Academia Galega:

Outrora
adverbio

- 1.Hai tempo, antes.
- 2.Noutro momento.

Catro xoves, pertencentes á xeración Z, fan unha viaxe entre pasado e presente coa premisa de saber: Quen seríamos nós outrora nós?

O amor e a tradición son o fío condutor desta experiencia escénica que se pregunta de que maneira o desexo de amar e ser amados nos forma, nos conforma ou nos deforma.

Unha mocidade que se atopa para descubrir respostas sobre a identidade tendo a valentía de cuestionar quen son e cara a onde van co desexo de evitar os erros dun pasado que aínda nos pertence.



Idioma



Público
Adulto
+14



70 min.



8€

DOMINGO 9 DE OUTUBRO • 18:00 HORAS

GOLULÁ

Galitoon

Teatro
Familiar



Xénero: teatro

Autoría: Andrea Bayer

Dirección: Chisco Casteleiro

Escenografía: Galitoon

Deseño de son e iluminación: Javier Vega

Vestuario: Lola Gómez

Música: Xosé Liz e Elena Paz

Elenco artístico: Raquel Queizás, Chisco Casteleiro, Jona García, Rubén Mira

Obra multipremiada a nivel nacional e emblemática do selo característico de Galitoon, caracterizado por unha plasticidade televisiva e cinematográfica propia da escola norteamericana de Jim Henson.

Espectáculo de técnica mixta na que se mesturan o teatro de actor con body puppets (monicreques xigantes), muppets (monicreques de medio porte) e teatro de luz negra, pra crear unha historia cuxa trama e ritmo son os propios dos contos clásicos de aventuras.

Conta a historia de Lara, unha nena vaidosa, e do seu amigo Bunka, un gorila inxenuo encargado de coidar a única nube que hai en Golulá. Un día, o malvado doutor Terrier decide roubar a nube, obrigando a Lara e Bunka a facer unha viaxe chea de perigos e personaxes fantásticas.

- **Premio ao Mellor Espectáculo Infantil** na 10ª Feira de Teatro de Castela e León.
- **Premio ao Mellor Espectáculo Innovador** na 24ª MIT de Ribadavia.



Idioma



+4 anos



50 min.



5€

VENRES 14 E SÁBADO 15 DE OUTUBRO - 20:00 HORAS

Teatro



MAGALLANES Y EL CANO

Eme2 Emoción&Arte e Ajidanha



Xénero: teatro comedia

Autoría e dirección: José C. García

Escenografía e vestuario: colectivo

Deseño de son e música: Cadeira d'Avó

Deseño de iluminación: Bruno Esteves

Elenco artístico: Nuria Cuadrado e Pedro Diogo

Os artefactos da epopea funcionan como pretexto dramatúrxico á investigación histórica, etnográfica e performática,

nun proceso de relectura en paralelo ás realidades contemporáneas.

Magallanes y El Cano é tamén unha viaxe poética e existencial destes homes, polo coñecemento e pola comunicación entre as diferentes culturas, de viaxeiros que parten e regresan.

É a exploración dunha herdanza identitaria nos seus códigos e linguaxes globais. É unha viaxe de vicisitudes, de enfrontamentos, de tentativas sucesorias, coñecer o descoñecido, de soños e de medos, de encontro coa humanidade.



Idioma



Público
Adulto



90 min.



10€

ESTREA
GALICIA



DOMINGO 16 DE OUTUBRO • 18:00 HORAS

BACKSTAGE

NegroLópez

Teatro
Familiar



Xénero: teatro clown

Autoría: Iván Davila e Lois Blanco

Dirección: Chiqui Pereira

Adaptación e vestuario: Iván Davila e Brais Iriarte

Escenografía e deseño de iluminación:

José Faro "Coti"

Deseño de son e música: Brais Iriarte

Elenco artístico: Iván Davila e Brais Iriarte

Un músico está a piques de dar un concerto en solitario. Antes de que chegue o público, prepárase entre bambolinas. Nada máis chegar, comezan os problemas: non atopa as cousas, perde as partituras, ponse nervioso... e todo porque o rexedor do espectáculo é todo un... pallaso.

Durante o transcurso da peza, a través do humor físico, a música e o xogo constante co espectador, veremos a parte máis divertida do que sucede antes de saír a escena. Porque, ás veces, o mellor dos espectáculos ocorre tras o pano.



+4 anos



50 min.



5€

ESTREA
MUNDIAL



VENRES 21 DE OUTUBRO - 20:00 HORAS
PRAZA DO REI (en caso de choiva trasladarase ao Auditorio Municipal)

Danza



TECHNOCRACIA

Funboa Escénica

Xénero: danza contemporánea

Autoría e coreografía: Cristina Balboa, Félix Fernández e Manuel Parra

Dirección: Cristina Balboa

Escenografía e vestuario: Funboa

Deseño de son e música: Cristina Balboa e Félix Fernández

Deseño de iluminación: Afonso Castro

Elenco artístico: Cristina Balboa, Félix Fernández e Manuel Parra

Technocracia trata a festa como lugar de comunión, como mecanismo de reprogramación mental, de ruptura co cotiá, de hedonismo físico e emocional, e tamén como unha metodoloxía de creación a partir do corpo en movemento e a masa, onde expandir a nosa experiencia escénica ao incluír ao público como parte esencial da peza a través das accións que se xeren.

Trátase de deixar de crear ficcións para deixarnos crear polos feitos intentando preservar a nosa calor interna, a nosa frescura e bondade humana contra a tiranía da orde. Bailar é un acto de #resistencia.



Idioma



Público
Adulto



60 min.



10€

A stylized, high-contrast illustration in shades of purple and white. The scene depicts a city environment. In the foreground, three figures are walking: a woman in a long white dress on the left, a man in a suit carrying a briefcase in the center, and another man in a suit on the right. The background features a large, curved structure, possibly a bridge or a large building, and a tall building with multiple windows on the right. The sky is a solid light purple, and there are some dark, cloud-like shapes. The overall style is graphic and modern.

VIGO

SET > NOV'22 **cultura**

DOMINGO 23 DE OUTUBRO • 12:30 • 16:00 E 18:00 HORAS

Música
Bebés



CONCERTOS PARA BEBÉS EMBALOS NEOFOLK

Paulo Lameiro



0-3 anos



45 min.



5€

Unha persoa adulta e un bebé. Resto do público poderá sentar de balde no patio de butacas con visibilidade reducida ata completar capacidade.

Xénero: música para bebés

Elenco artístico: Alberto Roque (saxofone, barítono e ocarina), José Lopes (saxofone, alto e soprano), Pedro Santos (acordeón), Inesa Markava (voz e movemento), Isabel Ca-tarino (voz) e Paulo Lameiro (voz e dirección)

Bábabai


Babábabai bailemos

Cando somos bebés, e aínda non nacemos, xa bailamos. Bailamos nun manto amniótico quente, que se move ao sabor da respiración e dos pasos da nosa nai. Despois cando nacemos, das memorias felices nace unha necesidade de seguir bailando. Por iso as nosas nais abanéannos para calmar e adormecer. E nun ápice, os nosos pais descubren que comezamos a danzar en canto escoitamos unha música con ritmo. Neste concerto vamos bailar con músicas antigas do tempo intra-uterino, e tamén con novos sons que apelan a outras danzas.

Biabába

Bailemos

ESPECTÁCULO PARA BEBÉS
AFORO REDUCIDO



**Premio YEAH! 2013 AWARDS - CONCERTS
FOR BABIES - WINNER FOR INNOVATION**

VENRES 28 E SÁBADO 29 DE OUTUBRO - 20:00 HORAS

Teatro



EL VIENTO ES SALVAJE (FEDRA Y MEDEA EN CÁDIZ)

Las Niñas de Cádiz

Xénero: teatro contemporáneo

Autoría, escenografía, diseño de son e

coreografía: Ana López Segovia

Diseño de iluminación: Agustín Maza

Vestuario: Miguel Ángel Milán

Música: Mariano Marín

Elenco artístico: Alejandra López, Teresa Quintero, Ana López e Rocío Segovia



• Premio MAX **Mellor Espectáculo Revelación 2020**

• **Premio do Público** Festival da Garnacha, Haro, 2020

• **Premio do Público** na Mostra Internacional de Teatro Festivo e Comico de Cangas do Morrazo, 2021

• **Premio do Público** do Festival de Teatro Vegas Bajas 2021

• **Premio Ángeles Rubio**

• **Premio Argüelles**, outorgado polo Festival de Teatro de Málaga e o Teatro Cervantes, 2022

Dúas amigas. Tan amigas que son irmás. Só unha sombra sobre a súa amizade: “Mentres que unha crecía confiada mimada pola vida e alegre, a outra sentíase desgraciada...”.

Despoxamos a Fedra e a Medea dos seus pepllos e traémolas ata os nosos días, converténdolas en seres aparentemente grises. Só cando xurda o conflito asumirán de pronto unha fatalidade antiga, baixo cuxa influencia arrasarán con canto se interpoña no seu camiño. De fondo, Cádiz, unha cidade de perfil macondiano, onde todos os elementos cotiáns adquiren unha dimensión máxica que presaxia a traxedia: o perturbador vento de levante, anunciado pola fruta do añaor e pola presenza do circo nas aforas da cidade, o canto dos paxaros, o coro da veciñanza...

Unha traxedia atravesada de punta a punta pola risa. A herdanza da terra da que veñen e á que sempre volven, Cádiz, onde aprenderon que en toda historia terrible hai un paradoxo que pode levar á comedia; e, ao contrario, en todo arranque de humor, hai sempre un fondo trágico.



Idioma



Público
Adulto



80 min.



12€



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

inaem
INSTITUTO NACIONAL DE ARTES ESCÉNICAS

PLATEA

PROGRAMA ESTATAL
DE ARTES ESCÉNICAS



FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE
MUNICIPIOS Y PROVINCIAS

DOMINGO 30 DE OUTUBRO - 18:00 HORAS

HUGO

Os Náufragos



Autoría e dirección: Gustavo del Río
Escenografía: Marimo Studios
Deseño de son e música: Daniel Vicente
Deseño de iluminación: Daniel Pais
Vestuario: Os Náufragos Teatro
Coreografía: Sete Eiroa
Elenco artístico: María Roja e Jimmi Núñez

Hugo é diferente. Gústalle moito os avións e tamén toca o piano. Laia visita a Hugo cada día. Gústalle falar ás plantas.

Hugo ten TEA, trastorno do espectro autista. Hugo fala da empatía, da necesidade de comunicarnos e da beleza da diferenza. Ser diferentes fainos grandes.

Premio María Casares 2022
ao **Mellor Espectáculo Infantil**



Idioma



+4 anos



40 min.



5€



VENRES 4 E SÁBADO 5 DE NOVEMBRO - 20:00 HORAS

Teatro



BACKUP A RESURRECCIÓN DE NUNO

De Ste Xeito Producións

Xénero: teatro comedia

Autoría: Pilar G. Almansa

Dirección: Cecilia Geijo

Adaptación: Roi Vidal Ponte

Escenografía e deseño de iluminación:

José Faro "Coti"

Deseño de son e música: Xacobo Castro

Vestuario: Diego Valeiras

Elenco artístico: Pepa Barreiro, Sergio Macías, Stephy Llaryora, Xurxo Cortázar, Nadia Doménech e Anxo Outumuro



A Resurrección de Nuno é unha "Comedia post Mortem" que nos amosa, a través dun humor acedo, unha posibilidade propia da ciencia ficción pero que sen embargo xa está a tocar a nosa porta na actualidade.

Que sucedería se puidésemos resucitar a alguén amado? Canto tempo pasará ata que os segredos enterrados co finado saian á luz? Que cambios provocará saber toda a verdade? Serán quen de saír reforzados como familia ao aceptar as súas imperfeccións e disfuncionalidades?



Idioma



Público
Adulto




75 min.



10€

ESTREA
MUNDIAL



DOMINGO 6 DE NOVIEMBRE • 18:00 HORAS

POI

D'es Tro

Circo
Familiar



Xénero: novo circo

Autoría: Guillem Vizcaino

Escenografía e vestiario: Cía. D'es Tro

Deseño de son e música: Jaume Compte

Deseño de iluminación: Jaume Miralles

Elenco artístico: Guillem Vizcaino

Unha personaxe atrapada desde a infancia polo efecto xiroscópico da súa buxaina. Unha viaxe de enredos e xiros que nos transporta ao xogo, un dos estados máis importantes da vida.

• Premio Drac d'or ao **Mellor espectáculo de rúa** na 33 fira de titelles de Lleida.

• Premio TAC Valladolid á **mellor interpretación.**

• Premio en Panorama Circada 2022.



Idioma



+5 anos



45 min.



5€



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

inaem
INSTITUTO NACIONAL
DE ARTES ESCÉNICAS

PLATEA

PROGRAMA ESTATAL
DE ARTES ESCÉNICAS



FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE
MUNICIPIOS Y PROVINCIAS

VENRES 11 E SÁBADO 12 DE NOVEMBRO - 20:00 HORAS

Teatro



CONTINENTE MARÍA.

UN ESPECTÁCULO SOBRE MARÍA CASARES

A Quinta do Cuadrante e Ainé Producións



• 100º aniversario do nacemento
de María Casares



Idioma



Público
Adulto



100 min.



10€

Xénero: teatro

Autoría: Marianella Morena

Dirección: Tito Asorey

Escenografía e deseño de iluminación:

Laura Iturralde

Deseño de son: Santi Jul

Vestuario: Yaiza Pinillos

Música: Vadim Yuhnevich

Elenco artístico: Melania Cruz e

Vadim Yuhnevich

Realizar un espectáculo sobre María Casares era algo que tanto o director Tito Asorey como a actriz Melania Cruz tiñan en mente desde hai máis dunha década. As circunstancias, tanto vitais como de produción, fixeron que deran o paso neste momento, no 100º aniversario do seu nacemento, sabedores de que sería óptimo para que fose recibida a súa proposta coa atención axeitada.

Esta montaxe pretende recuperar e homenaxear a figura de María Casares, achegándoa ao público, á vez que se vale da súa figura para falar da propia condición dos artistas nun mundo en continuo cambio, analizando escenicamente as nosas contradicións como país e como sociedade. María Casares preséntasenos como un continente que ansiamos percorrer, establecendo unha cartografía emocional en base ás súas vivencias, pensamentos e records, viaxando a través dun diálogo entre o presente e o pasado para tratar de entendernos mellor como seres humanos creadores e habitantes dun mundo no que non hai tantos anos, os exiliados eramos os propios españois.

DOMINGO 13 DE NOVIEMBRE - 18:00 HORAS

Teatro
Familiar



LAS 4 ESTACIONES... YA NO SON LO QUE ERAN!

Teatro Che y Moche



Xénero: Teatro musical

Autoría e dirección: Joaquín Murillo

Dirección Musical: Tereza Polyvka

Escenografía: Agustín Pardo

Deseño de son: Diego Vicen

Deseño de iluminación: Tatoño Perales

Vestuario: Arantxa Ezquerro

Música: Antonio Vivaldi e Tereza Polyvka

Elenco artístico: Fernando Lleyda / Ruben Mompeon, Elva Trullén, Tereza Polyvka, Enrique Lera, Fran Gazol / Saul Blasco e Joaquín Murillo

Unha comedia “climatolóxica” a partir da música universal de Vivaldi.

Teatro Che y Moche, a través da súa orixinal e peculiar xeito de vivir un concerto convidate a ser testemuña dun verdadeiro furacán escénico-musical, onde todo o inesperado e imposible convértese en verdadeira maxia e ilusión. Humor, tecnoloxía, virtuosismo instrumental e tradición teatral dan forma a un espectáculo sorprendente que nos convida de xeito divertido e desenfadado a reflexionar sobre o cambio climático. A volcánica e expresiva interpretación de Teresa Polyvka ao violín xunto co resto de músicos e actores, somérxenos nunha persoal e renovada partitura, atrevida e brillante, amosando ao gran público un novo modo de gozar da música clásica.



+5 anos



65 min.



5€



VENRES 18 E SÁBADO 19 DE NOVEMBRO - 20:00 HORAS

Teatro



MORTE ACCIDENTAL DUN ANARQUISTA

Talía Teatro



Xénero: teatro comedia

Autoría: Dario Fo

Dirección e adaptación: Cándido Pazó

Escenografía e deseño de iluminación:

Dani Trillo

Vestuario: Martina Cambeiro

Elenco artístico: Toño Casais, Diego Rey, Marta Ríos, Dani Trillo, Artur Trillo, Xurxo Barcala e Rubén Prieto

Seguramente esta afirmación non sería moito do seu agrado, pero a día de hoxe podemos considerar que Dario Fo é xa un clásico teatral dos últimos tempos. Por iso Talía Teatro quixo unirse á inmensa nómina de compañías que montaron, montan e montarán as súas pezas, e entre elas, madría leva, a máis emblemática de todas. Os clásicos é o que teñen, que as súas portas están sempre abertas a novas visitas: dos creadores e do público. Porque, por desgraza, cincuenta anos despois de ser escrito, este sainete político, esta disparatada pero reflexiva comedia, segue aportando sons que, dun xeito máis ou menos directo ou metafórico, reverberan aínda nos muros da actualidade.



Idioma



Público
Adulto



85 min.



10€

DOMINGO 20 DE NOVIEMBRE - 18:00 HORAS

NATANAM

DA. TE Danza

**Danza
Familiar**



Xénero: danza

Autoría: Omar Meza, Concha Villarubia e Lola Fernández de Sevilla

Dirección e coreografía: Omar Meza

Adaptación: Lola Fernández de Sevilla

Escenografía: DA.TE Danza

Deseño de son e música: Jesús Fernández e David Campodarve

Deseño de iluminación: Aitor Palomo

Vestuario: Laura León

Elenco artístico: Raúl Durán e M^a José Casado

**Premio FETEN 2021 ao achegamento
da danza á primeira infancia.**



Idioma



+3 anos



50 min.



5€

Cada persoa brilla con luz propia entre todas as demais. Dous amigos, dous cómplices atópanse nunha sala de xogos. Descubren que hai auga, lume, vento e terra ordenados e á súa enteira disposición. Unha sala de xogos pode ser unha praia, un deserto, o mar... E tamén... cando estamos sós, poden ser moitos mundos. Atopan moita terra, moita sal coa que debuxan no chan mentres cantan e reflexionan sobre a onde van as cousas que desaparecen. En realidade, nada desaparece, todo se transforma, coma os trazos que debuxan coa sal e as súas mans, da que xurde a danza. As cousas que desaparecen están agardándonos. Conversan sobre o mundo e as persoas, que son como lumes grandes, pequenos e de todas as cores. Dialogan coa palabra e tamén cos seus corpos no espacio. Natanam significa “danza” en sánscrito. E ese é o punto de partida: un espazo e un tempo de sensacións a partir da pureza da danza. Natanam é unha aprendizaxe do camiño cara á alegría que produce o desapego.

VENRES 25 E SÁBADO 26 DE NOVEMBRO - 20:00 HORAS

GOLFA

Primera Toma - Crémilo

Xénero: Teatro

Autoría e dirección: Jose Padilla

Escenografía: Priamo

Deseño de son e música: Alberto Granado

Deseño de iluminación: Pau Fullana

Vestuario: Anna Fajardo

Elenco artístico: Fran Cantos/Pedro Rubio,
María Rivera/Mercedes Borges, Ninton Sánchez
e Ana Varela

Unha mañá aparece fronte a porta do instituto unha pintada: “Golfa”, un insulto anónimo que destaca a historia que o precede.

Amanda e Fran foron parella hai uns meses, adolescentes cuxa experiencia é a de tantos, unha relación que se viu truncada. Este feito non tería relevancia si inmediatamente despois desta ruptura Amanda non sufrira un terrible acoso virtual que leva os seus pais a denunciar a posible autoría de Fran.

Ata que non se aclaren os feitos a dirección do instituto decide apartar a Fran das clases.

Todo se revoluciona cando a nai de Fran, Vicky, aparece na porta de entrada do instituto e insulta gravemente a Amanda utilizando unha palabra moi concreta: Golfa. Xusto unha semana despois aparece ben visible o graffiti onde comeza a nosa historia.



Teatro



Idioma



Público
Adulto
+12 anos



75 min.



12€

Conmemoración do Día Internacional para
a Eliminación da Violencia contra a Muller

**Premio 4ª EDICIÓN FESTIVAL
TERRITORIO VIOLETA**

DOMINGO 27 DE NOVEMBRO - 18:00 HORAS

NINJA

Ghazafellos



Xénero: teatro comedia

Autoría e dirección: Pepabó Patinho

Escenografía, deseño de son, deseño de iluminación, vestuario e música: Ghazafellos

Elenco artístico: Montse Piñón, Jorge Casas e Pepabó Patinho

Amelia é unha nena do rural que vai á escola. Encántanlle a cultura oriental, o karate, o Kung Fu, o Jiu Jitsu, as pelis de Bruce Lee, Jackie Chan... e soña don ser Ninja!!! Adestra todos os días para pasar inadvertida e observar aos demais como unha auténtica Ninja... Grazas a esa condición descobre que no cole hai nenos e nenas que tamén queren pasar inadvertidos, pero non para ser Ninjas, senón, para que outros nenos e nenas non abusen deles. Coa axuda de Amelia e o señor Edelmiro, un velliño ao que Amelia acode a buscar consello, conseguirán que os nenos inadvertidos se fagan visíbeis e cambien as tornas na escola.

Ninja é unha obra lúdica e pedagóxica onde se trata o tema do acoso escolar. A través dunha historia divertida e chea de frases filosóficas sobre a tolerancia, o respecto, a diversidade, amosa o máis importante para resolver un problema: visualízalo..



Idioma



+5 anos



90 min.



5€



A stylized, high-contrast illustration in shades of purple and white. The background features a large, dark purple circle on the left, a smaller cloud-like shape, and a tall building with horizontal window bands on the right. In the foreground, three figures are walking: a woman in a long white dress on the left, a man in a dark suit in the center, and a man in a dark suit carrying a briefcase on the right. The overall style is graphic and modern.

VIGO

SET > NOV'22 **cultura**

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E ACCESO AO RECINTO

1 O despacho de billetes do auditorio **pechará con estrita puntualidade cinco minutos antes** da hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. **Comezado o espectáculo, ningún poderá acceder á sala.** Solicitase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.

2 As **entradas non vendidas anticipadamente**, de habelas, estarán **dispoñibles** no despacho de billetes desde **unha hora antes do comezo** previsto para o espectáculo.

3 As **portas de acceso abranse 15 minutos** antes da hora prevista do comezo do espectáculo.

As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha **localización concreta** deberán utilizar o **sistema de venda anticipada**.

4 Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. **A organización non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais**, polo que neste caso declina toda responsabilidade.

TODO o público pagará entrada, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ningún sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme ao Plan de autoprotección do recinto. A capacidade é única e cómputase por persoas, non por butacas ocupadas.

6 **Non se lle permitirá o acceso** a quen presente unha **entrada emendada, rota** ou con **indicios de falsificación**. **Non se admiten cambios nin devolucións.**

7 A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das **idades recomendadas** para determinados espectáculos, que solicitamos **respecten na medida do posible** de cara a **garantir o seu bo desenvolvemento**.

8 Ao entrar no recinto, o público, consonte á lei, pode estar suxeito a un rexistro. **Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos** que poidan ser considerados **perigosos** polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. **Resérvase o dereito de admisión.**

Nos **espectáculos** programados quedan **reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual**. As persoas portadoras da entrada **non** poderán introducir **cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras**; tampouco poderán, **nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita da organización**; en todo caso, actuarase conforme aos acordos e a lexislación vixente que corresponda.

NORMAS ESPECIAIS COVID-19

Debido a situación actual provocada pola pandemia orixinada polo **COVID-19**, en calquera momento **poderán modificarse as normas de organización e acceso ao recinto**, así como os **horarios**, segundo as indicacións sanitarias de cada momento. No propio auditorio indicaranse as medidas especiais como **uso de máscara obrigatoria**, circuitos de entrada e saída diferenciados, **dispensadores de xel hidroalcohólico, distanciamento de seguridade** ou calquera outra medida que sexa imposta para garantir a seguridade do público e do persoal que traballa no recinto. Ademais **poderán establecerse quendas de entrada** segundo a localización das localidades, coa suficiente antelación que permita o acomodo do público co tempo necesario para que os espectáculos poidan comezar segundo o previsto.

VENDA DE ENTRADAS



As entradas poderán adquirirse (sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes):

- A través da páxina web de Giglon: **www.giglon.com**
- Na **Librería Librouro** (Eduardo Iglesias 12, Vigo), en horario de luns a sábado, de 10 a 14 e de 17 a 20 horas.
- O mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no **despacho de billetes do Auditorio** (sempre que houbese entradas dispoñibles).

ABONOS

(só en anticipada, non poderán adquirirse no despacho de billetes do propio Auditorio):

ABONO Á CARTA 5

Elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 10% de desconto sobre o prezo total.

ABONO Á CARTA 10

Elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 25% de desconto sobre o prezo total.

- Existen **4 espazos reservados para persoas con mobilidade reducida en cadeiras de rodas e 4 ao seu carón reservados para os seus acompañantes** (de ser o caso).
- No caso de adquirir entradas nesta modalidade é **importante comprobar ao seleccionalas** se se trata de persoas con cadeiras de rodas (sen butaca) ou se son acompañantes destas (butaca ao carón do espazo destinado a cadeiras de rodas).
- **As entradas adquiridas destinadas a mobilidade reducida sen cumprir estas características poderán ser anuladas sen posibilidade de reembolso.**

Auditorio Municipal do Concello de Vigo
Praza do Rei 1. Vigo

giglon
.com


Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n





GRACIÑAS!

CONCELLO
DE VIGO



www.vigo.org

Depósito Legal: PO 00-0000


Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n



Vigocultura



@Vigo_cultura



vigocultura



VigoculturaNius

INFORMACIÓN

Teléfonos: Desde Vigo: 010 // Desde móbil ou fóra de Vigo: 986 810 260

Horario: Luns > Venres: 8.00 a 20.00 horas // Sábados: 10.00 a 14.00 horas

VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR